

NOTAS AO PROGRAMA

Empezamos o noso ciclo habitual no Centro Cultural Ágora, cun concerto que serve de pretexto para presentar en sociedade un novo rexistro discográfico dun dos solistas do persoal, Xocas Meijide, acompañado pola BMMC. O programa dá comezo cunha obra escrita polo meu irmán maior, en 2004, ano no que a estreei dirixindo o ensemble Estudi Obert, no Palau da Música de Valencia, dentro do ciclo de compositores sinfónicos valencianos. É unha composición en catro movementos bastante diferentes entre eles, sobre todo entre os tres primeiros, máis experimentais, e o último, que reviste unha gran dificultade. Toda a obra está baseada nun acorde de cinco sons, e a acción do director non soamente circunscríbese á dirección, posto que tamén participa do conxunto a nivel tímbrico.

Andrés Valero Castells

"GARCÍA FARIÑA" - Adrián Silva Magdalena

García Fariña é un pasodobre composto no ano 2013 por Adrián Silva Magdalena e adicado a Javier García Fariña como homenaxe póstuma. Este é un pasodobre coa súa estrutura máis tradicional e onde ten como característica que o trío, a diferenza de calquera outro, o tema melódico é interpretado a solo polo bombardino, como pequena homenaxe a Javier, xa que este tocaba o bombardino; e remata o pasodobre con dita melodía interpretada polo conxunto da banda a modo de tutti final. nivel tímbrico.

Adrián Silva

Nesa ocasión incluíronse estas notas ao programa que aquí a continuación reproduzo. Podemos, sen embrago, estar a falar dunha estrea absoluta en toda a súa extensión pois nesta ocasión a obra vaíse interpretar con seu orgánico completo e coa a súa duración total. Hai que ter en conta que no concerto de Santiago a obra pechouse de forma provisoria nunha duración de 4 minutos e a actual e definitiva duración da peza vai a estar en torno aos 8 minutos e medio.

Estrear en Santiago e escoitar campás abre sen dubida un lugar nas estancias da memoria acorde coa paisaxe. Pero non hai nengunha intención de suscitar recendos ou lembranzas funestas. O título referencial poderá facernos pensar niso pero non é máis cun xogo de palabras. Máis ben todo o contrario. Seica tañer campas é sinal de acontecementos e devires. Dalgún xeito eu, coma moita xente estamos a sentir que, se todo vai ben, novos tempos se avexían. É iso simplemente: algo está a suceder, sen certidumbre pero con esperanza.

As características que asoman nesta obra son a busca da contundencia rítmica, traballada de forma conxunta cos recursos ca banda sinfónica ofrece, a tonalidade clara, sen ambaxes, por momentos, para retornar de novo como parte desa pretendida contundencia. Todo isto ten como fin último provocar a emocionalidade positiva que se supón teñen os avisos de boas novas.

De feito a chamada de campás coa que arranca a obra, é a célula que suscita o desenvolvemento do resto da peza.

Nani García

"THE WIND FACTOR" (2010)

(concerto de clarinete baixo e orquestra de vento)

Nani García (1955), A Coruña - España

A secuencia de feitos que avalan esta presentación son os seguintes:

No ano 2010 por encargo de Marcel Van Bree estrease no Pazo da Ópera de A Coruña, a cargo da Banda Municipal Coruñesa, O concerto de Clarinete Baixo e orquestra de vento, "O Factor Vento" (The Wind Factor).

Posteriormente no mes de xuño dese mesmo ano levase a cabo a gravación da obra en estudio para por fin, 6 anos máis tarde, publicarse a obra nun cd que é o motivo polo cal celebramos este concerto.

Nesa data do mes de marzo de 2010 puđen escribir unhas notas ao programa con dedicatoria que aquí embaixo suscribo e coas que reafirmo os meus agradecementos orixinais aos que engado a figura de Andrés Valero e por extensión a todas as persoas que fan posible o progreso artístico das nosas institucións culturais.

Artabria e o vento sempre foron xuntos da man desde o principio dos tempos. O mar e o vento son recurrencias xemias das que se bota man a cotío cando falamos deste país. O vento imprime carácter, disque. Conformatalemias e une pobos no foro libre dos arrecendos.

Todo isto tócanos de cerca. Tócanos e nós tamén tocamos. O vento e unha grande afección en Galicia. Sempre houbo moitas bandas de música que enxoiaban as horas de ledicia nas nosas vilas. Afección habíaa máis que ningunha outra parte. Fomos e seguimos sendo numerosos nesta habilidade artística. Pero agora somos mellores que nunca.

A cantidade transformouse en calidade por arte Hegeliano-dialéctica de birli-birloque. E é que a día de hoxe temos posibilidades, recursos, medios que secularmente nos foron negados.

Agora os nosos músicos de vento son reclamados e apreciados en todas as orquestras do mundo. Pero o vento tamén enfría e trae choivas, limpa e contamina. Tira muros e arrasa cidades. Afunde barcos e enche velas. Todo isto faino o vento. Mais primeiro foi o vento e logo vimos nós e convertémolo en continxencia.

Esta é a miña homenaxe aos músicos vento de Galicia persoalizados na figura de Xocas Meijide.

Nani García

PROGRAMA

PRESENTACIÓN DO CD

"THE WIND FACTOR" DE XOCAS MEIJIDE

LOS 11 EN PUNTO op. 12
para quinteto e director (2004)*
Francisco Valero Castells (1970)

GARCÍA FARIÑA, pasodoble (2013)*
Adrián Silva Magdalena (1984)

FOR WHOM THE IDIOPHONES TOLL?,
preludio para banda (2016)**

THE WIND FACTOR, concerto para clarinete baixo e banda (2010)

Nani García (1955)

I.- Andante

II.- Manero

III.- Presto



"FOR WHOM THE IDIOPHONES TOLL?" (2016)

(preludio para Banda Sinfónica)

Nani García (1955)

A Coruña - España

Esta obra foi obxecto dunha preestrea en Santiago de Compostela

con motivo dun concerto no que estaba incluído de igual forma O concerto de clarinete baixo "The wind Factor", en febreiro de 2016.

* 1ª audición BMMC

** Estrea absoluta

Nota: polo ben de todos prégame desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas





XOCAS MEIJIDE

Nace en Lalín (Galicia), estudou principalmente con Orentino Sueiro, Joan Enric Lluna, José Luis Estellés,

Nancy Braytwaite e Henri Bok. É **licenciado superior** en clarinete pola **Guidhall School of Music and Drama of London** e polo **Róterdam Conservatorium**, así mesmo ten un **Master en Interpretación en Clarinete** pola Universidade da Coruña e un **Posgrao en Clarinete** e outro en Clarinete Baixo polo **Róterdam Conservatorium (CODARTS)**. Como solista de ambos os instrumentos está considerado como un dos mellores solistas galegos, gañando varios concursos a nivel internacional. **Concurso Internacional do Forum de Música de Barcelona**, 1er. **Premio de Xurado e Público no "Concurso de Música de Cámara DeLink (Tillburg)"** - Holanda. **1er Premio no "Concurso Internacional de Clarinete Baixo Henri Selmer Bass Clarinet Competition"** (Holanda)

Desde a súa mocidade leva tocando nos principais ciclos de mozos como en de "Fundación Barrié da Maza", e coa orquestra "Nova Orquestra da Sinfónica de Galicia, e xa a nivel profesional como Clarinete e Clarinete Baixo na "Orquestra de Cámara de Galicia", "Orquestra Sinfónica de Galicia" e "Real Filharmonía de Galicia".

Tocou como concertista coa "Orquestra Sifónica de Galicia", "Orquestra de Cámara de Galicia" e numerosas veces coa "Banda Municipal da Coruña", así como nos principais festivais de Galicia, "Cameralia", "Festival Internacional de Música de Galicia", "Imaxina Sons", etc, a nivel nacional "Auditorio Nacional" (Madrid), "A Pedrera" (Barcelona); e no estranxeiro en países como Cuba, Arxentina, Francia, Portugal, Bélxica, Holanda, China, etc ...

Na súa discografía ten varios discos: **Doubles** (Xingra.com) dobre CD de música contemporánea para Clarinete e Clarinete

Baixo só. **Windsongs** (Vienna Modern Masters), música de D. Loeb para dous Clarinete Baixos e para Clarinete e Clarinete Baixo xunto ao prestixioso solista Henri Bok e a Banda Municipal da Coruña. **A Berenguela** (Xingra.com), un conto de Manuel María, musicada por Nani García, para voz narrada e cuarteto de clarinetes interpretada polo cuarteto "Xerion" e María Inés Cadrado. **8 pezas Europeas** (Ezaro edicións), libro-disco con novela de Quinito Mourelle e música de Roberto Somoza interpretadas pola "Orquestra Voland". **The Wind Factor** (Xingra.com), concerto para Clarinete Baixo solista e Banda composta por Nani García. Apaixonado da Música contemporánea e da Música de Cámara compaxina o seu traballo de Clarinete Baixo na Banda Municipal da Coruña coa súa faceta de concertista cos proxectos:

Doubles, música contemporánea para clarinete e clarinete baixo. **ManOcas Ensemble**, plataforma de linguaxes sonoras electroacústicos para Clarinetes, Percusión, Poesía e Electrónica formado por Xocas, Javier Ferreiro e Celso Sanmartín. **Orquestra Voland**, (orquestavoland.com), formada por 10 músicos que narra musicalmente con esencia folclórica unha viaxe de Bulgaria a España. **Vertixe Sonora** (vertixesonora.net), está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza cunha común vontade por desenvolver propostas musicais cunha perspectiva artística global que atopan na busca de excelencia artística no forte compromiso coa música e os creadores do noso tempo a súa razón de ser. **Orquestra de Jazz de Galicia** (orquestadejazzdeg Galicia.com), orquestra de gran formato co son característico das grandes formacións de Jazz, pero co selo persoal dun repertorio totalmente orixinal e novo, esta orquestra consegue facerse cun espazo propio dentro da expresión e ellenguaje do universo jazzístico, coa idea de representar un referente internacional da música moderna e contemporánea de Galicia.

PLANTILLA BMMC

Flautas: Flora Dopico, Adrián Silva

Oboes: J. Manuel Abal, J. Antonio Neira

Fagotes: Gezim Malaj, David Novelle

Requinto: Marcos Represas

Clarinetes: Pablo Álvarez, Jorge García, Oscar González, José Padín, José J. Pérez, Alberto Piñeiro, Jesús Sánchez, F. Javier Vidal

Clarinete baixo: Joaquín Meijide

Saxo alto: J. Ángel Presa, J. Luis Represas (subdirector)

Saxo tenor: J. Ramón Rodríguez

Saxo barítono: Juan C. Mazás

Trompas: Gloria Cupeiro, Pedro Pintos, José L. Silva

Trompetas: Miguel Brea, Bernardo Landrove, Roberto Verde

Fliscornos: Marcos Fernández, Guillermo Sabaris

Trombones: Iván Carreira, Carlos Figueira, Juan Gestal

Bombardinos: Lorenzo Castro, J. Orentino Sueiro

Tubas: Alfredo López, Miguel Rodríguez

Violonchelos: Víctor R. Cardoso, Ilija Keilin

Contrabajos: Adolfo Alemany, Simón García

Timbales e percusión: Antonio Agra, Vidal Martínez, Francisco Vecino

VINDEIROS CONCERTOS

ÁGORA

25 de xuño - 20.00 h

Homenaxe ao Rock

Director: **Andrés Valero-Castells**

29 de xuño - 20.00 h

Homenaxe aos directores da BMMC

Director: **Andrés Valero-Castells**

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitálo en banda@coruna.es



CENTRO ÁGORA

9 DE XUÑO - 20.00 H.

DIRECTOR TITULAR:

ANDRÉS VALERO-CASTELLS

SOLISTA CLARINETE BAIXO:

XOCAS MEJIDE

CONCERTO EXTRAORDINARIO

